

PROBAS DE ACCESO

REQUISITOS PARA INGRESAR NO GRAO ELEMENTAL

1º DE GRAO ELEMENTAL:

O 2 de maio abrírase o prazo de preinscripción para os alumnos que pretendan iniciar os seus estudos musicais en 1º GE, para ingresar os alumnos teñen que ter entre 8 anos (cumpridos antes do remate de decembro) e 14 anos. O Conservatorio anunciará con antelación á proba as vacantes que poidan xurdir para o primeiro curso de Grao Elemental, as probas realizaranse os días 2 e 3 de xuño. O procedemento de ingreso farase en base a dous criterios:

Unha proba onde se avaliarán as aptitudes dos interesados e a idade idónea para iniciar os estudos nas diferentes especialidades instrumentais. (DOG núm. 207 do 25.10.2007)

PROBAS DE ACCESO

(DOG núm. 207 do 25.10.2007)

De acordo co Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música e coa Circular 4/2008 polo que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

1. Os aspirantes a ingresar na primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso ao mesmo, non computándose, para estes efectos, as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para acceder a este curso.

2. A proba para avaliar as aptitudes musicais incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- Exercicios para avaliar a aptitude rítmica.
- Exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal.
- Exercicios para avaliar a aptitude de psicomotricidade.

3. A realización destes exercicios efectuaranse de maneira que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente. Así mesmo, cada centro poderá contemplar no seu procedemento de acceso unha ponderación en relación á idade dos aspirantes.

4. A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo dun decimal, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

5. A proba será xulgada por un tribunal nomeado a tal efecto pola dirección do centro que estará integrado, preferentemente, por profesorado do departamento de Linguaxe Musical.

NOTA IMPORTANTE: Os alumnos que, anteriormente, teñan cursado ou esten cursando na actualidade 1º de Grao Elemental noutro Conservatorio, **non poden realizar** as probas de acceso a 1º de Grao Elemental.

A DIRECCIÓN